



# A actividade das cetarias en Galicia

2004  
2005  
2006  
2007

**Servizo de Análise e de Rexistros**

Dirección Xeral de Competitividade  
e Innovación Tecnolóxica

Rúa do Sar, nº 75

Tfnos. 981 546 286 - 981 547 468

Faxes.: 981 546 288 - 981 546 138

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Dirección e coordinación:

Carlos Gabin Sánchez

Xefe do servizo de Análise e de Rexistros

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería do Mar

ISBN: 978-84-453-4630-3

D.L.: C 2830-2008

Diseño e maquetación:

Idea Creatividad S.L.

Tiraxe:

300 ejemplares

Imprime:

Presentación	5
Metodoloxía	7
Principais resultados	9
Os países de orixe dos crustáceos	15
Principais especies de crustáceos vendidas en Galicia	25
	3

## Presentación

Neste estudo preséntanse os resultados do seguimento realizado desde o ano 2004 ás cetarias situadas en Galicia, unha das actividades estatísticas relacionadas co sector pesqueiro que desenvolve a Consellería do Mar.

Esta breve publicación pretende informar sobre unha actividade de ampla tradición na nosa terra. As primeiras cetarias construíronse aproveitando enclaves do litoral que eran pechados mediante muros, de xeito que se utilizaba o fluxo natural das mareas para manter os animais mergullados e nas mellores condicións de vida. Posteriormente estes establecementos evolucionaron cara a instalacións pechadas, alimentadas con auga de mar por medio de bombeo, e que no seu interior se distribuían en píos nos cales se estabulaban as diferentes especies de crustáceos.

O número de cetarias que foron enquisadas durante os anos 2004 a 2007 flutuou entre as 62 no ano inicial e as 71 do ano 2007, para un total de 273 enquisas. A repartición de establecementos entre as provincias é desigual, aparecendo unha alta porcentaxe destes locais con situación física na provincia de Pontevedra. As fontes de datos empregadas para a localización das empresas foron os rexistros administrativos das consellerías do Mar e de Sanidade.

O ámbito xeográfico en que se desenvolveu esta enquisa foi o territorio galego. Para realizar este estudo considerouse cetaría o establecemento en comunicación co mar ou alimentado coas súas augas dedicado ao mantenemento de crustáceos vivos, co fin de levar a cabo a súa regulación comercial e que tivesen en vigor a autorización administrativa outorgada pola Consellería do Mar. Neste traballo non se ofrecen datos de expositores ou centros reguladores de crustáceos, dado que polas súas características están catalogados como outro tipo de establecementos, diferentes das cetarias.

A través deste estudo preséntanse distintas visións resultado da análise da información recollida. As táboas e gráficos mostran a repartición xeográfica da actividade por provincias, as cantidades comercializadas e o valor económico xerado; outra das visións presentadas garda relación cos principais países de orixe destes crustáceos.

Neste estudo dedicouse un especial interese en mostrar para cada especie unha análise detallada das orixes e a influencia da orixe nos prezos medios alcanzados no mercado.

## Metodoloxía

Para comenzar este traballo tívose que establecer a relación de cetarias en actividade dentro do territorio da comunidade autónoma galega. Esta relación sufriu variacións, posto que aqueles establecementos que iniciaron a actividade durante estes catro anos foron incluídos na enquisa; co mesmo criterio, aqueles establecementos que cesaron na súa actividade foron retirados da relación.

Toda esta información foi cruzada coa relación de autorizacións administrativas da Consellería do Mar e coa relación do rexistro sanitario da Consellería de Sanidade.

O seguinte paso foi deseñar o modelo de cuestionario para lles presentar aos titulares dos establecementos e a ficha sobre as características xerais das instalacións e a súa localización xeográfica.

Nun primeiro momento, o equipo de traballo do Servizo de Producción Pesqueira realizou unha visita a cada instalación para cubrir a ficha de características técnicas da instalación, para presentar o cuestionario e para explicar as finalidades estatísticas da enquisa.

Como temporalidade da enquisa, estableceuse o período dun ano; deste xeito, no primeiro mes do ano posterior ao de referencia da enquisa remítesele a cada titular un cuestionario no que se solicitan os datos das cantidades que foron vendidas e o valor da venda de cada especie, o país ou lugar de procedencia e os principais destinos da mercadoría.

Se no prazo establecido se recibiu a resposta ao cuestionario, procédese á súa revisión e validación; no caso de que se faciliten datos considerados anómalos, coméntanse co titular do establecemento para que confirme a súa validez.

Todos os datos recollidos nos cuestionarios foron gravados nunha base de datos, sobre a que se realizaron diferentes consultas ata obter os informes más interesantes e que son os que neste traballo se expoñen.

Á hora de presentar estes resultados, tivérонse en conta determinados criterios que permitiron presentar a información dun xeito máis homoxéneo:

1. En canto á identificación dos países de orixe, algunas empresas non foron quen de indicarnos as cantidades diferenciadas por país, para estes casos con procedencia de varios países da Unión Europea sen diferenciar agrupáronse baixo a epígrafe de UE non especificada.
2. Cando os datos achegados non permitían discriminar a orixe, estos agrupáronse baixo a epígrafe de Orixe non determinada.
3. Noutros casos a información era pouco representativa, polo que se decidiu agrupar todos os países situados noutros continentes baixo a epígrafe América ou África, en función do continente ao que pertencesen, agás no caso do lumbrixe (LBE), que, dada a representatividade de Canadá, decidiuse mostrar o dato individualizado para este país.

Por outra banda, hai que salientar que o percebe (PCB) non é un crustáceo común nas cetarias, principalmente polas súas propias características; é unha especie sésil e que vive en augas moi batidas, polo que presenta serias dificultades para permanecer estabulado moito tempo. A pesar disto, e dado que se facilitaba información deste crustáceo, incluíronse os datos obtidos.

Unha das variables empregadas é o prezo medio alcanzando polas diferentes especies segundo as distintas procedencias; nalgúns casos, os cálculos realizados baseándose nesta variable presentaban resultados que poderían estar distorsionados por datos anómalos, desvirtuando a análise realizada; coa finalidade de corrixir este efecto, decidiuse empregar para as representacións gráficas a mediana, medida estatística más robusta que a media e que permite axustar mellor as tendencias dos resultados.

## Principais resultados

### Datos xerais

O primeiro censo de cetarias instaladas en Galicia, no ano 2004, contiña un total de 62 establecementos, dos que contestaron con datos válidos 56, representando

un nivel do 90,32%, dato superado nos tres anos seguintes.

### TÁBOA N° 1

CETARIAS ENQUISADAS

	ANO	N.º ENQUISADAS	N.º CONTESTADAS	% RESPUESTA
A CORUÑA	2004	26	23	88,46%
	2005	27	26	96,30%
	2006	28	27	96,43%
	2007	31	31	100,00%
LUGO	2004	5	5	100,00%
	2005	6	6	100,00%
	2006	6	6	100,00%
	2007	6	6	100,00%
PONTEVEDRA	2004	31	28	90,32%
	2005	36	32	88,89%
	2006	36	31	86,11%
	2007	34	34	100,00%
GALICIA	2004	62	56	90,32%
	2005	70	64	91,43%
	2006	70	64	91,43%
	2007	71	71	100,00%

O nivel de resposta válida é moi alto, superando en todos os casos o 80% do total de cuestionarios enviados aos establecementos. Destaca o nivel alcanzado no ano 2007, no que o 100% dos cuestionarios enviados contiñan respuestas con información válida.

A provincia de Pontevedra acolle máis da metade das empresas enquisadas, repartidas en 10 concellos diferentes; Vigo con 12 cetarias e O Grove con 6 son

as dúas localidades con maior número de empresas asentadas de toda Galicia. A Coruña ten un número moi representativo de cetarias repartidas en 19 concellos diferentes; destaca Carnota con 5 establecementos situados no seu ámbito territorial. Finalmente, en Lugo hai un total de seis cetarias repartidas entre os concellos de Burela, Cervo e Ribadeo.

## TÁBOA N° 2

### BALANCE ANUAL CETARIAS

ANO	PROVINCIA	CANTIDADE (kg)	%	IMPORTE (€)	%
2004		2.923.632		35.053.648	
	A Coruña	907.201	31,03%	11.272.408	32,16%
	Lugo	15.188	0,52%	409.658	1,17%
	Pontevedra	2.001.243	68,45%	23.371.581	66,67%
2005		3.153.809		37.576.475	
	A Coruña	1.037.975	32,91%	12.985.194	34,56%
	Lugo	28.398	0,90%	1.023.053	2,72%
	Pontevedra	2.087.435	66,19%	23.568.228	62,72%
2006		3.806.096		44.232.789	
	A Coruña	1.103.377	28,99%	13.345.850	30,17%
	Lugo	36.864	0,97%	1.166.648	2,64%
	Pontevedra	2.665.855	70,04%	29.720.291	67,19%
2007		3.308.202		39.753.567	
	A Coruña	1.167.306	35,29%	16.192.722	40,73%
	Lugo	36.400	1,10%	1.120.975	2,82%
	Pontevedra	2.104.496	63,61%	22.439.870	56,45%

En canto á repartición por provincia, na táboa n.º 2 pódese comprobar que, tanto en cantidades comercializadas como en importes xerados, Pontevedra recolle máis da metade do total de negocio.

Ás más de trece mil toneladas de producto comercializado durante este cuadriénio e os máis de cento cincuenta millóns de euros de valor nas vendas poñen á vista a importancia deste segmento do sector comercializador de produtos pesqueiros frescos.

A nivel de concellos na provincia de Pontevedra, o agrupamento formado polos concellos de Vigo, O Grove e Vilagarcía de Arousa acumulan, en cada un dos anos estudiados, por riba do 70% dos ingresos declarados como resultado da actividade; en canto á provincia da Coruña, as localidades da Coruña, A Laracha, Sada e Santiago de Compostela acumulan un valor de negocio de máis do 60% do total de ingresos xerados polas cetarias situadas nesa provincia.

O comportamento dos prezos por provincia mostra como para todas as especies na provincia de Lugo se alcanzan os maiores valores. En especies como a centola (SCR) e a nécora (LIO), o producto con orixe

galega e asturiana, que se vende en Lugo, chega a superar en más do dobre o prezo obtido nas outras dúas provincias.

### TÁBOA N° 3

PREZOS MEDIOS (€/kg) ANUAIS POR ESPECIE E PROVINCIA					
	2004	2005	2006	2007	
Boi de mar					
	A Coruña	5,34	5,48	5,91	6,14
	Lugo	9,77	11,10	12,84	13,69
Camarón común	Pontevedra	4,94	4,27	5,34	4,90
	A Coruña	48,81	48,95	55,41	64,65
	Lugo	65,00	77,42	130,91	105,61
Centola	Pontevedra	50,53	64,25	60,85	56,10
	A Coruña	8,67	7,56	7,73	9,73
	Lugo	16,75	21,75	24,13	22,80
Lagosta	Pontevedra	8,37	8,70	7,33	7,75
	A Coruña	33,08	53,55	59,20	62,88
	Lugo	71,45	66,41	65,77	75,32
Lumbrigante	Pontevedra	43,06	53,93	54,55	47,13
	A Coruña	24,22	24,92	24,62	25,66
	Lugo	28,21	31,11	31,33	29,90
Nécora	Pontevedra	18,00	25,39	25,81	24,45
	A Coruña	9,64	9,74	10,16	10,03
	Lugo	19,32	22,70	26,25	29,04
Santiaguinho	Pontevedra	8,78	8,06	8,45	7,70
	A Coruña	61,98	66,68	69,72	37,56
	Lugo	73,33	120	137,40	141,67
	Pontevedra				70,79

En canto á composición por especies, na táboa n.º 4 móstranse os resultados en función das cantidades comercializadas. Na repartición de cantidades por especies, pódese observar como ao longo dos anos o boi de mar (CRE) é a especie máis importante, encabezando os valores con máis de 850 t, e sendo a única especie que neste período chega a superar as mil toneladas; a continuación desta especie están a nécora (LIO) e a centola (SCR), cunha media anual lixeiramente superior ás 700 t/ano. O santiaguiño (SCY) é a especie de menor presenza deste grupo, pois apenas supera en 2006 a media tonelada; cómpre sinalar neste sentido que este crustáceo procede exclusivamente das capturas realizadas nas costa galegas e que de por si son moi escasas, pero en cambio son apreciadas no mercado, tal como se comproba polo seu prezo medio, o máis alto en tres dos catro anos estudiados.

En canto ao valor do prezo medio anual, o grupo formado por santiaguiño (SCY), camarón común (CPR) e lagosta (NPH), ao que se incorpora de preto o percebe (PCB), presenta os valores máis altos de cada ano. Así, no caso do santiaguiño, o seu prezo oscila entre os 40,86€/kg e os 71,44€/kg, chegando a alcanzar os 141,67€/kg como valor máximo; para o camarón común varía entre os 50,25€/kg e os 59,93€/kg, alcanzando un valor máximo de 172,20€/kg; e a lagosta varía entre 39,41€/kg e 55,95€/kg. Tanto o santiaguiño como o camarón común son dúas especies con alta tradición e moi apreciadas na nosa comunidade, igual que a cigala e o percebe, sendo esta a principal razón dos importantes valores de prezo medio alcanzados.

#### TÁBOA N.º 4

DISTRIBUCIÓN DAS CANTIDADES (kg) ANUAIS POR ESPECIES

ESPECIE	FAO	CANTIDADE (kg)								
		2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	
Boi de mar	CRE	854.906	29,24%	855.645	27,13%	1.037.145	27,25%	884.530	26,74%	
Camarón común	CPR	70.248	2,40%	40.279	1,28%	38.333	1,01%	35.507	1,07%	
Cangrexo común	CRG	93.819	3,21%	191.301	6,07%	252.194	6,63%	236.741	7,16%	
Centola	SCR	576.047	19,70%	714.057	22,64%	829.284	21,79%	715.753	21,64%	
Cigala	NPH	225.789	7,72%	324.129	10,28%	330.694	8,69%	241.824	7,31%	
Lagosta	SLO	31.208	1,07%	37.680	1,19%	32.125	0,84%	41.976	1,27%	
Lumbrígrante	LBE	461.420	15,78%	263.676	8,36%	324.086	8,51%	337.810	10,21%	
Nécora	LIO	580.788	19,87%	646.089	20,49%	865.904	22,75%	741.537	22,42%	
Percebe	PCB	29.162	1,00%	80.485	2,55%	95.814	2,52%	72.258	2,18%	
Santiaguiño	SCY	245	0,01%	469	0,01%	517	0,01%	266	0,01%	
Total		2.923.632	100,00%	3.153.809	100,00%	3.806.096	100,00%	3.308.202	100,00%	

Na táboa n.º 5 preséntanse os resultados da facturación anual alcanzada por cada unha das especies. O grupo formado por cigala (NPH), lumbrigante (LBE) e nécora (LIO) encabeza os resultados anuais de facturación, agás no ano 2005, en que a centola (SCR), por moi pouca diferenza, despraza a nécora (LIO). O intervalo de valores para o lumbrigante vai desde os seis millóns e medio ata os nove millóns de euros; no caso da cigala (NPH), a variabilidade está entre os cinco e medio e os oito millóns setecentos mil euros.

En canto ao valor do prezo medio anual, o grupo formado por santiaguiño (SCY), camarón común

(CPR) e lagosta (NPH), ao que se incorpora de preto o percebe (PCB), presenta os valores máis altos de cada ano. Así, no caso do santiaguiño, o seu prezo oscila entre os 40,86€/kg e os 71,44€/kg, chegando a alcanzar os 141,67€/kg como valor máximo; para o camarón comú varía entre os 50,25€/kg e os 59,93€/kg, alcanzando un valor máximo de 172,20€/kg; e a lagosta varía entre 39,41€/kg e 55,95€/kg. Tanto o santiaguiño como o camarón comú son dúas especies con alta tradición e moi apreciadas na nosa comunidade, igual que a cigala e o percebe, sendo esta a principal razón dos importantes valores de prezo medio alcanzados.

## TÁBOA N.º 5

DISTRIBUCIÓN DOS IMPORTES (€) ANUAIS POR ESPECIES

ESPECIE	FAO	IMPORTE (€)								
		2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	
Lumbrigante	LBE	9.000.191	25,68%	6.662.067	17,73%	8.249.253	18,71%	8.464.914	19,20%	
Cigala	NPH	5.235.555	14,94%	6.873.763	18,29%	8.783.541	19,93%	6.585.746	14,94%	
Nécora	LIO	5.349.005	15,26%	5.736.648	15,27%	7.952.620	18,04%	6.541.591	14,84%	
Centola	SCR	4.929.673	14,06%	5.987.236	15,93%	6.490.140	14,72%	6.461.826	14,66%	
Boi de mar	CRE	4.320.826	12,33%	3.952.639	10,52%	5.702.800	12,94%	4.671.742	10,60%	
Percebe	PCB	1.349.723	3,85%	3.717.037	9,89%	2.568.203	5,83%	2.604.254	5,91%	
Lagosta	SLO	1.229.831	3,51%	2.057.680	5,48%	1.797.324	4,08%	2.112.296	4,79%	
Camarón común	CPR	3.530.018	10,07%	2.413.869	6,42%	2.260.980	5,13%	2.065.626	4,69%	
Cangrexo común	CRG	93.500	0,27%	143.982	0,38%	239.237	0,54%	234.710	0,53%	
Santiaguiño	SCY	15.327	0,04%	31.554	0,08%	36.940	0,08%	10.862	0,02%	
Total		35.053.648	100,00%	37.576.475	100,00%	44.081.038	100,00%	39.753.567	100,00%	

## Os países de orixe dos crustáceos

A orixe dos crustáceos que se comercializan a través das cetarias galegas é moi diversa, e coa finalidade de mostrar unha información axeitada decidiuse agrupar os datos seguindo estes criterios:

**Galicia:** co fin de poder comparar a representatividade da comercialización dos crustáceos vendidos nas lonxas de Galicia, agrupáronse todas as declaracíons con esta identificación nos cuestionarios.

**España:** baixo esta denominación incorpóranse todos os datos que presentaban identificación como de España ou de calquera das comunidades autónomas que forman o país.

**Francia:** é o conxunto de datos cuxa orixe está identificada unicamente con este país.

**Reino Unido:** baixo esta orixe acumuláronse os datos identificados como tales ou aqueles en que se citaba Inglaterra ou Escocia.

**Irlanda:** acumula o conxunto de datos con identificación deste país.

**Portugal:** acumula o conxunto de datos con identificación deste país.

**África:** acumula o conxunto de datos que se corresponden con Mauritania, Marrocos, Sudáfrica, Cabo Verde e Namibia.

**América:** acumula o conxunto de datos que se corresponden con Cuba e Chile. Neste grupo non se incorpora Canadá pola importancia que presenta nas importacións de lumbrigante (LBE), polo que foi separado deste grupo.

**Canadá:** acumula o conxunto de datos con identificación deste país correspondentes na súa totalidade a lumbrigante (LBE).

**Oixe non determinada:** conxunto de datos que non presentan identificación de procedencia ou ben a identificación de procedencia non se pode incluir en calquera dos grupos anteriores.

### Análise xeral

Neste punto preséntase a distribución das cantidades e dos importes en función das procedencias dos crustáceos. Nas táboas inclúese unha columna coa media anual do período 2004 a 2007, que é o indicador empregado para establecer a prelación descendente dos valores expresados.

**TÁBOA N° 6**

ORIXE	CANTIDADE (kg)					MEDIA ANUAL
	2004	2005	2006	2007		
UE	2.676.422	3.086.891	3.672.978	3.185.252	3.155.386	
<b>España</b>	<b>401.573</b>	<b>315.382</b>	<b>350.911</b>	<b>282.624</b>	<b>337.623</b>	
Galicia	245.749	314.267	328.992	235.695	281.176	
Resto de España	155.823	1.115	21.920	46.929	56.447	
Resto UE	2.274.849	2.771.509	3.322.067	2.902.628	2.817.763	
Reino Unido	1.749.780	1.836.342	1.980.386	1.635.113	1.800.405	
Francia	249.726	295.914	336.429	330.099	303.042	
Irlanda	185.820	328.549	93.351	95.497	175.804	
Portugal	87.305	118.640	132.951	139.633	119.632	
UE non especificada	2.218	192.064	778.951	702.285	418.880	
<b>Outras orixes</b>	<b>239.810</b>	<b>32.917</b>	<b>79.947</b>	<b>58.737</b>	<b>102.853</b>	
<b>América</b>	<b>235.387</b>	<b>20.509</b>	<b>32.488</b>	<b>33.530</b>	<b>80.478</b>	
Canadá	235.387	19.719	32.488	33.530	80.281	
Outras orixes América	0	790	0	0	--	
<b>África</b>	<b>4.423</b>	<b>12.408</b>	<b>47.459</b>	<b>25.208</b>	<b>22.374</b>	
Orixe non determinada	7.400	34.001	53.171	64.213	39.696	
<b>Total xeral</b>	<b>2.923.632</b>	<b>3.153.809</b>	<b>3.806.096</b>	<b>3.308.202</b>	<b>3.297.935</b>	

A distribución por cantidades pon claramente de manifesto que a maioría dos produtos comercializados proceden do Reino Unido, que para cada unha das anualidades estudadas se sitúa en torno as dúas terceiras partes do total. Galicia está situada en cuarto lugar, con valores próximos ao 10% do total, moi preto dos valores declarados para a procedencia francesa. O resto das procedencias varían entre o 23,62% e o 36,96%.

No conxunto do resto dos países pódese observar como Portugal foi incrementando ano a ano a subministración de crustáceos ás cetarias galegas; para Canadá, coa particularidade de que soamente subministra lumbrigante (LBE), apréciase un importante descenso, posto que de representar o 8% no ano 2004 pasa a ter unha representatividade do 1% en 2007, mentres que as cantidades procedentes doutras comunidades autónomas de España pasaron do 5,3% ao 1,4%.

TÁBOA N° 7

ORIXE	IMPORTE (€)					MEDIA ANUAL
	2004	2005	2006	2007		
UE	31.195.784	35.689.701	40.800.055	36.219.318	35.976.215	
<b>España</b>	<b>8.993.731</b>	<b>10.028.931</b>	<b>8.947.800</b>	<b>8.531.131</b>	<b>9.125.398</b>	
Galicia	7.883.954	9.973.917	8.198.177	7.067.769	8.280.954	
Resto de España	1.109.777	55.014	749.623	1.463.362	844.444	
Resto UE	22.202.054	25.660.771	31.852.255	27.688.186	26.850.816	
Reino Unido	19.645.693	20.037.334	23.883.520	19.616.781	20.795.832	
Francia	1.326.475	1.560.623	1.657.821	1.919.600	1.616.130	
Irlanda	1.141.826	2.576.689	1.502.077	1.750.361	1.742.738	
Portugal	82.515	225.504	290.904	175.514	193.609	
UE non especificada	5.545	1.260.620	4.517.933	4.225.930	2.502.507	
<b>Outras orixes</b>	<b>3.720.525</b>	<b>1.155.546</b>	<b>1.570.213</b>	<b>1.512.336</b>	<b>1.989.655</b>	
<b>América</b>	<b>3.587.178</b>	<b>437.964</b>	<b>698.641</b>	<b>676.422</b>	<b>1.350.051</b>	
Canadá	3.587.178	416.204	698.641	676.422	1.344.611	
Outras orixes América	0	21.760	0	0	--	
<b>África</b>	<b>133.347</b>	<b>717.582</b>	<b>871.573</b>	<b>835.913</b>	<b>639.604</b>	
Orixe non determinada	137.338	731.228	1.710.770	2.021.913	1.150.312	
Total xeral	35.053.648	37.576.475	44.081.038	39.753.567	39.116.182	

Polo que respecta ao valor económico xerado pola venda dos crustáceos, a táboa n.º 7 mostra gran paralelismo coa orde establecida para o indicador cantidade. Os crustáceos procedentes do Reino Unido xeren a metade dos importes do total anual; na análise por procedencias verase que especies son as que presentan máis peso neste indicador. Galicia, que na repartición por cantidades ocupaba a cuarta posición, pasa a ter o segundo posto na prelación por importes, achegando unha quinta parte dos ingresos; este cambio na posición garda relación co valor dos produtos galegos, que, como xa se indicou anteriormente, presentan un prezo medio superior ao alcanzado polas mesmas especies con procedencias distintas de Galicia.

Destaca o comportamento dos crustáceos con orixe en países da UE, que garda paralelismo coa tendencia ascendente mostrada para o caso das cantidades.

Irlanda, que no caso das cantidades presenta valores descendentes, mellora a súa posición en canto á repartición por importes, superando a posición de Francia. Do resto das orixes que forman a distribución da táboa, destaca o caso de Portugal, que, malia aumentar as cantidades achegadas ao comercio galego, o baixo prezo medio da especie maioritaria, cangrejo común (CRG), fai que pase a ter moi pouca relevancia económica.

GRÁFICO N° 1





GRÁFICO N° 2



## PROCEDENCIA DE GALICIA

A especie máis importante procedente de Galicia é a centola (SCR), que representa máis do 45% do total dos crustáceos que se declaran con esta crixe. A súa presenza nas lonxas galegas durante o período de estudo estivo por encima das 200 t, e superou as 300 t nos anos 2005 e 2006. Os datos que aquí se presentan mostran que en 2005 e 2006 as cantidades declaradas están preto das 150 t, mentres que para 2004 e 2007 se produce un descenso de case

un 25%, correspondéndose coas menores cantidades ofertadas nas lonxas neses dous anos.

A seguinte especie na prelación é o percebe (PCB), que, como xa se expresou anteriormente, polas súas características, non é unha especie que soporte a estabulación en cetarias. Na táboa n.º 8 pódese comprobar como se produce un aumento da venda con respecto a 2004, situándose arredor das 60 t anuais.

## TÁBOA N.º 8

DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIXE GALICIA

ESPECIE	FAO	CANTIDADE (kg)			
		2004	2005	2006	2007
Centola	SCR	113.044	150.794	148.420	114.796
Percebe	PCB	29.162	79.699	56.655	62.482
Nécora	LIO	38.611	42.276	66.161	29.845
Camarón común	CPR	53.925	19.162	14.371	10.402
Cigala	NPH	490	10.246	16.379	11.124
Boi de mar	CRE	4.461	6.531	20.235	2.297
Lumbríngante	LBE	3.836	3.139	4.141	3.069
Lagosta	SLO	1.975	1.950	2.112	1.581
Santiaguiño	SCY	245	469	517	99

## TÁBOA N.º 9

DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIXE GALICIA

ESPECIE	FAO	IMPORTE (€)			
		2004	2005	2006	2007
Centola	SCR	2.326.607	2.979.972	2.675.977	2.488.796
Percebe	PCB	1.349.723	3.691.972	2.042.107	2.250.765
Nécora	LIO	2.801.535	1.461.498	1.138.327	849.785
Camarón común	CPR	1.095.142	1.192.895	1.311.872	771.169
Cigala	NPH	16.749	315.632	614.873	452.390
Boi de mar	CRE	109.728	106.766	112.329	110.484
Lumbríngante	LBE	123.897	114.138	131.061	109.252
Lagosta	SLO	45.246	79.490	134.691	28.339
Santiaguiño	SCY	15.327	31.554	36.940	6.788

A nécora (LIO) é outro crustáceo moi apreciado pola súa orixe galega; os valores declarados son variables e gardan relación coa tendencia mostrada pola oferta nas lonxas neses mesmos anos. Durante o ano 2006 as cetarias galegas chegaron a comercializar o 52% do produto poxado nas lonxas (126 t).

No ano 2004 as cetarias comercializaron o 72% do camarón común (CPR) poxado nas lonxas galegas; esta situación sufriu un cambio importante nos outros tres anos, en que as cantidades vendidas polas cetarias descenderon de maneira continuada ata o ano 2007, no cal tan só se comercializou a través destes establecementos o 14% do producto ofertado polas lonxas.

O resto das especies apenas teñen representatividade na repartición por cantidades.

Polo que respecta aos importes xerados pola comercialización de crustáceos con procedencia galega, xa se comentou que achegaban a quinta parte do total do negocio. Na táboa n.º 9 pódese comprobar como

a centola (SCR) achega a parte máis importante do negocio, aínda que no ano 2004 foi superada polo camarón (CPR) e no ano 2006 polo percebe (PCB), con 3.691.972€, máximo importe alcanzado de todos os recollidos nesta táboa.

En canto á nécora (LIO), pódese ver que en 2004 e 2005 conseguiu os mellores resultados, debido, en parte, a que se alcanzaron os prezos medios máis altos dos catro anos. A caída das cantidades comercializadas durante o ano 2007 orixinaron a caída dos importes xerados, de xeito que estes importes apenas alcanzan o 80% dos ingresos xerados no ano anterior.

O camarón común (CPR) presenta uns importes representativos, que van relacionados co seu prezo medio anual, sempre por riba dos 50,00€, e chegando a alcanzar un máximo de 130,00€ en 2006.

Igual que sucedía na táboa n.º 8, o conxunto do resto das especies teñen unha baixa contribución aos ingresos totais xerados polas especies con orixe en Galicia

## TÁBOA N.º 10

### DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIXE REINO UNIDO

ESPECIE	FAO	CANTIDADE (kg)			
		2004	2005	2006	2007
Boi de mar	CRE	611.307	690.098	699.096	587.292
Nécora	LIO	486.455	472.0628	661.086	532.951
Cigala	NPH	223.997	297.094	277.356	182.290
Lumbrígrante	LBE	200.000	187.425	189.693	186.227
Centola	SCR	186.428	151.909	121.598	127.593
Camarón común	CPR	12.607	14.887	17.748	8.826
Lagosta	SLO	24.386	16.675	5.014	5.205
Cangrexo común	CRG	4.601	6.174	6.694	4.729
Percebe	PCB		20	2.100	
		1.749.780	1.836.342	1.980.386	1.635.113

### PROCEDENCIA REINO UNIDO

A media anual de entrada de crustáceos con orixe no Reino Unido é de 1.800 t, cun valor medio anual de 20,8 millóns de euros. Estes valores representan por riba do 50% dos totais de ambas as variables, agás para o ano 2007, en que están moi preto de alcanzalo.

Na táboa n.º 10 pódese observar como o boi de mar (CRE) é o crustáceo que máis se introduce en Galicia procedente do Reino Unido. En cada un dos anos do cuadriénio estudiado supera o 35% do total, por un importe medio anual de 3,4 millóns de euros.

A seguinte especie en importancia é a nécora (LIO), que supera o 25% do total das cantidades traídas deste país, e no ano 2006 sitúase moi preto do boi de mar (CRE), co 33%, superando deste xeito o valor dos 5,5 millóns de euros.

A continuación sitúase a cigala (NPH), con máis de duascenas toneladas, agás no ano 2007, en que descende ata as 180 t. E sta especie, que nalgúnsas ocasións chega viva e en recipientes individualizados ás cetarias galegas, presenta un prezo medio superior aos 20,00€, cun máximo de 27,73€ no ano 2007; este feito dá lugar a que alcance importes entre os 5 e os 7,2 millóns de euros anuais.

Outra especie de interese no mercado galego é o lumbrigante (LBE); as cantidades procedentes do Reino Unido superan as 180 t anuais. Iqual que ocorría coa cigala, o seu alto prezo medio, por riba dos 23,00€/kg, fai que se incremente a súa importancia a nivel de negocio; así, pódese observar na táboa n.º 11 como en todos os anos deste estudo supera os 4,7 millóns de euros, representado máis dunha quinta parte do total dos ingresos.

Con procedencia británica tamén destaca a centola (SCR), cunha media anual superior ás 125 t e un valor económico anual superior aos 600.000€.

## TÁBOA Nº 11

DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIXE REINO UNIDO

ESPECIE	FAO	IMPORTE (€)			
		2004	2005	2006	2007
Boi de mar	CRE	3.221.841	3.099.700	4.006.454	3.346.561
Nécora	LIO	3.797.594	3.677.624	5.754.908	4.579.156
Cigala	NPH	5.204.437	6.091.251	7.232.780	5.055.223
Lumbrigante	LBE	4.792.226	4.833.859	4.973.908	4.926.849
Centola	SCR	1.119.101	741.859	676.108	844.594
Camarón común	CPR	570.691	692.670	843.063	520.440
Lagosta	SLO	928.596	884.403	302.862	328.695
Cangrexo común	CRG	11.205	15.615	19.937	15.264
Percebe	PCB		352	73.500	
		19.645.693	20.037.334	23.883.520	19.616.781

## PROCEDENCIA FRANCIA

A representatividade das mercadorías procedentes de Francia con respecto ao total das cantidades vendidas nas cetarias de Galicia, non alcanza no ano máis favorable o 10%, e en importes está por debaixo do 5%.

A principal especie que se trae desde Francia é a centola (SCR), representando máis do 60% do total en cantidades, tendo un peso similar en canto aos importes xerados. A seguinte especie é o boi de mar

(CRE), cun peso sobre o total variable, desde o 13% no ano 2005 ata o 35% no ano 2006. O resto das especies son pouco representativas, agás para o ano 2007 que a nécora (LIO) e o lumbrigante (LBE) con 11,6 t. representan o 3,5% do total.

## TÁBOA N° 12

DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIGEN FRANCIA

ESPECIE	FAO	2004		2005		2006		2007	
		(kg)	(€)	(kg)	(€)	(kg)	(€)	(kg)	(€)
Centola	SCR	169.605	939.169	254.067	1.304.294	218.751	1.028.764	239.948	1.354.601
Boi de mar	CRE	79.412	380.606	39.359	192.596	116.933	606.072	76.859	369.543
Nécora	LIO	709	6.700	120	1.440	196	2.016	9.595	66.321
Lumbrigante	LBE			1.591	34.328	30	608	2.036	54.893
Percebe	PCB			570	17.850	465	19.200	594	35.046
Lagosta	SLO							695	26.192
Camarón común	CPR			207	10.115	54	1.161	200	8.680
Cigala	NPH							173	4.323
		249.726	1.326.475	295.914	1.560.623	336.429	1.657.821	330.099	1.919.600

## PROCEDENCIA IRLANDA

A introdución de mariscos procedentes de Irlanda descendeu ao longo dos catro anos do estudo, pasando a representar o 2,89% do total do comercializado en Galicia.

Este feito está relacionado co descenso das cantidades de boi de mar (CRE) que se traen dese país, que pasan a ser menos dun terzo das traídas en 2004. Tamén sofre unha caída, áinda que máis lixeira, a centola (SCR).

Cómpre salientar os importes alcanzados polo lumbri-gante (LBE), a cigala (NPH) e o camarón común (CPR), que en 2006 e 2007 pasan a ser as especies más representativas por valor dos importes xerados polas súas vendas.

## TÁBOA N° 13

DISTRIBUCIÓN POR ESPECIES CON ORIXE IRLANDA

ESPECIE	FAO	2004		2005		2006		2007	
		kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Boi de mar	CRE	97.764	375.321	109.031	518.654	30.150	204.879	28.458	215.899
Centola	SCR	42.258	197.340	63.161	331.922	19.100	142.385	25.520	280.147
Nécora	LIO	33.143	245.332	122.366	777.040	12.942	147.233	12.768	171.354
Lumbrigante	LBE	9.335	216.196	17.145	424.204	10.300	321.876	10.917	339.432
Cigala	NPH	1.302	14.369	11.789	344.481	17.553	537.207	10.402	306.651
Camarón común	CPR	2.018	93.268	4.552	169.062	3.305	148.496	6.426	350.009
Percebe	PCB							969	84.704
Lagosta	SLO			505	11.327			37	2.165
		185.820	1.141.826	328.549	2.576.689	93.351	1.502.077	95.497	1.750.361

## RESTO DE PROCEDENCIAS

O resto dos crustáceos que se analizan neste estudo proceden de Portugal, Canadá, comunidades autónomas de España, África e América, aos que hai que sumar aquellas cantidades que non teñen unha orixe determinada. Todo o conxunto destas procedencias representa para o ano 2004 o 16,77%, e nos anos posteriores descende para representar menos do 10%.

Por especies, destacan as importantes cantidades de cangrexo común (CRG), procedente de Portugal, que no ano 2007 chegan a superar as 135 t.

## Principais especies de crustáceos


Neste punto analízase cada unha das especies de crustáceos que se venden en Galicia, presentando os resultados de repartición das procedencias de cada unha delas e mostrando os prezos medios resultantes das enquisas.

### Boi de mar (CRE)

A maior parte das cantidades de boi de mar (CRE), preto do 70%, que se comercializan en Galicia proceden do Reino Unido. Con orixe en Galicia aparecen entre o 1 e o 2% do total.

En canto ao prezo medio alcanzado segundo a orixe (gráfico n.º 3), pódese observar que o prezo deste crustáceo en Galicia chega a duplicar o valor do procedente do Reino Unido. A comunidade autónoma da que se trae a maior cantidade deste crustáceo é o Principado de Asturias e chega a alcanzar un prezo maior que o boi de mar (CRE) procedente de Galicia.

**GRÁFICO Nº 3**




### Camarón comú (CPR).

As maiores cantidades deste crustáceo teñen por orixe Galicia, seguida do Reino Unido. Para o ano 2004 os datos de Galicia representaban o 76,8% das cantidades comercializadas, que xeraron un importe de 2,8 millóns de euros; a tendencia nos anos sucesivos foi descendente, ata representar en 2007 só o 29,3% do total, por un valor de 0,85 millóns de euros. Neste intervalo de tempo o camarón comú (CPR) procedente do Reino Unido foi gañando presenza ata superar as cantidades procedentes de Galicia no ano 2006, chegando a representar o 46,3%, case once puntos por riba.

Polo que respecta aos prezos medios anuais para esta especie, o producto galego supera os prezos do Reino Unido e Irlanda. Para o resto das orixes aparecen prezos medios puntuais elevados, pero son debidos a pequenas partidas. No gráfico n.º 4, pódese observar claramente a diferenza nos prezos medios por orixe para esta especie.

**GRÁFICO N.º 4**



Aínda que é habitual escoitar durante as datas de Nadal prezos exorbitantes para o camarón comú (CPR), os valores anuais dos prezos medios de venda nas lonxas galegas publicados na Plataforma tecnolóxica da pesca ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com)) oscilan entre

os 32,00€ e os 35,00€, podendo chegar a máximos de 270,00€ nos lotes con destino á hostalaría ou a vendedores polo miúdo.

### Centola (SCR)


Os principais subministradores de centola (SCR) ás cetarias galegas son Reino Unido, Francia e outros países da UE, que nos dous últimos anos chegan a sumar as tres cuartas partes do total das cantidades declaradas, 557 t de media anual. A centola (SCR) galega representa entre o 15% e o 20% do total, con 131 t de media anual.

Se se analiza a variable importes, apréciase a alta valoración do produto galego; así, máis do 40% do valor total é xerado pola venda de centola galega (SCR), por un importe medio anual de 2,6 millóns de euros. A tendencia á alza das cantidades procedentes de Francia e Reino Unido fan que a participación nos importes aumente, provocando unha menor contribución de Galicia para o ano 2007.

A evolución de prezos medios anuais mostra como a centola (SCR) de Galicia alcanza valores moi superiores aos da centola procedente do Reino Unido, Francia e países da UE, superando en más de tres veces os valores destes países. Incluso os valores medios anuais de venda nas lonxas galegas supera o prezo medio de venda deste crustáceo cando procede de Europa. A curva descrita polos prezos de venda en lonxa marcan o comportamento da curva de prezos de venda polas cetarias galegas.

Igual que sucedía para o boi de mar (CRE), cando este crustáceo procede da comunidade do Principado de Asturias, alcanza uns prezos medios lixeiramente superiores aos acadados polo producto galego.

### GRÁFICO N° 5



### Nécora (LIO)

Máis do 70% do total da nécora (LIO) comercializada a través das cetarias galegas procede do Reino Unido; o resto dos países da UE, incluída España, representan entre un 10% e un 24%, e o producto orixinario de Galicia representa entre o 4% e o 7%.

Se se relaciona a producción declarada en notas de venda para esta especie nas lonxas de Galicia (gráfico n.º 6), obsérvase que as cantidades vendidas nas cetarias procedentes destes establecementos de primeira venda supoñen entre o 26% do ano 2007 e o 56% do ano 2006.

Se se analiza o comportamento desta especie en función dos importes xerados, pódese ver como, dada


a importancia en cantidad do produto británico, más do 60% dos ingresos se corresponden con nécora (LIO) procedente deste país. A continuación atópase

Galicia, que nos anos 2004 e 2005 superaba o 20%, para descender a un 11% no ano 2007, descenso que coincide cun aumento das cantidades procedentes de países da UE.

Finalmente, o prezo medio anual da nécora (LIO) procedente de Galicia chegou a alcanzar os 28€/kg; en cambio, o prezo medio deste crustáceo procedente do Reino Unido non superou os 9€/kg.

### GRÁFICO Nº 6

COMPARATIVA DAS CANTIDADES DE NECORA (LIO) VENDIDAS EN GALICIA



**Cigala (NPH)**

Preto do 90% da cigala que se comercializa nas cetarias galegas ten por orixe Reino Unido. Nos dous últimos anos percíbese un aumento da cantidade de cigalas procedentes do resto dos países da UE, que, sumada aos datos de Galicia e Irlanda, chega a representar o 25%.

Os importes xerados por esta especie gardan relación directa coas cantidades, de aí que entre o 70% e o 95% do total dos ingresos estean vinculados coa procedencia do Reino Unido.

O prezo medio anual da cigala con orixe galega, que chega a alcanzar os 41€/kg (2007), supera cada ano en máis de 10€/kg o prezo medio anual do produto británico.

**Lagosta (SLO)**

Durante estes catro anos produciuse un cambio en canto ao lugar de orixe deste crustáceo. Se nos primeiros dous anos Reino Unido achegou o 78% e o 44% do total, xa a partir de 2005 (33%) comeza a medrar a presenza de producto procedente de países do continente africano, que nos dous anos seguinte superan o 40% do total de quilos.

No que respecta aos importes, o comportamento é similar, áinda que os prezos medios anuais no Reino Unido sexan lixeiramente superiores aos pagados polo producto africano.

As cantidades con orixe galega apenas alcanzan o 7% dos quilos, e o máximo acadado en canto aos importes é do 10% (124 millóns de euros en 2004).

**Lumbrigante (LBE)**

Se en 2004 entre Reino Unido (43%) e Canadá (51%) se repartiron a totalidade dos quilos de lumbrigante (LBE) vendidos polas cetarias, nos anos seguintes a mercadoría procedente de Canadá descendeu de xeito importante ao 10% do total, mentres que a de orixe británica ascendeu ata un 71% (2005), para posteriormente representar preto do 60%.

Con orixe galega soamente se comercializa o 1% do total, cun máximo de 4 t no ano 2006.

**Equipo de traballo:**

José Manuel Portela Fernández  
Valentín Rodríguez Castro  
Susana García Vite  
Jesús María Gutiérrez Curiel

**Apoio técnico:**

Francisco Taibo del Río

**Este traballo foi revisado por:**

Carlos Iglesias Patiño  
Xefe do servizo de coordinación das unidades de asistencia técnica  
INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Lino Lema Bouzas

Xefe do servizo de desenvolvemento pesqueiro

Ricardo Araniz Ibarrondo

Dr. en Bioloxía



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



XACOBEO 2010  
Galicia